


UTE Gestión Cangas inviste máis de 200.000 euros na modernización da depuradora



Representantes da UTE Gestión Cangas e o Concello de Cangas durante a visita a Donón | PuntoGA Comunicación

28.10.2020 UTE Gestión Cangas investirá máis de 200.000 euros na modernización da EDAR de Areamilla. A substitución das lámpadas ultravioletas e a renovación dos equipos de filtración tan só é un primeiro paso para a súa actualización, clasificada como prioritaria para mellorar o servizo de auga no municipio.

As obras na EDAR e no saneamento de Donón comezaron hoxe. O alcalde, Xosé Manuel Pazos, o concelleiro de urbanismo Eugenio González e o responsables de UTE Gestión Cangas, David Soneira estiveron presentes esta mañá durante o comezo dos traballos, que finalizarán o próximo mes de novembro e decembro, respectivamente. "É fundamental continuar a investir na mellora da rede de Cangas para garantir a calidade da auga. A renovación do sistema terciario da EDAR aumentará a súa capacidade e eficiencia e é un primeiro paso nesta dirección, na que queremos continuar da man do Concello", apuntou David Soneira, xerente de UTE Gestión Cangas.

Técnicos de UTE Gestión Cangas comezan esta semana a instalar os novos sistemas de tratamento terciario que eliminan a contaminación microbiolóxica da auga tratada na pranta de Areamilla. Os traballos están destinados a mellorar nun 90% a eficiencia dos raios ultravioletas na eliminación de bacterias. A través da instalación de novos rotofiltros, uns discos recubertos de tecido que eliminan os sólidos en suspensión, incrementarase a

calidade da auga devolta ao mar, rebaixando a mínimos a súa turbidez. Os traballos rematarán en catro semanas, sen afectar ao normal funcionamento normal da EDAR.

A depuradora de Areamilla trata 9.000 metros cúbicos de auga ao día (o equivalente a 4 piscinas olímpicas) mediante tres procesos: sistema de pretratamento da auga, que elimina os axentes contaminantes flotantes das augas; sistema de tratamento biolóxico, que degrada a materia orgánica e separa a auga depurada e o fango resultante e sistema de tratamento terciario, que hixieniza a auga eliminando os microorganismos para a súa reutilización.

Os traballos de conexión da fosa de Donón ata a rede municipal de saneamento en Viñó, evitarán as perdas de caudal na rede, debido ao seu aumento considerable nos últimos anos de vivendas e negocios da zona. A través dunha tubería de impulsión de 800 metros, as augas acabarán chegando dende Viñó ata a depuradora de Areamilla para o seu tratamento.

A mellora no sistema de pretratamento, seguinte medida urxente

As seguintes actuacións plantexadas pola compañía para poñer ao día a depuradora canguesa centraranse en mellorar o sistema de pretratamento, un dos factores máis limitantes na actualidade para o seu óptimo funcionamento. Actualmente, a auga chega ata a EDAR con moita area e outros sólidos (paus, pedras, plásticos...). UTE Gestión Cangas solicitará, con cargo ao seu plan de investimentos, a implantación de un pozo de grosos para reducir estes refugallos que chegan á pranta, unha actuación que suporá un novo investimento de aproximadamente 200.000 euros.

Outras melloras proxectadas pola xestora da auga para a total eficiencia da depuradora pasan por solucionar os problemas da actual liña de fangos, responsable do caudal da depuradora, e a instalación dun emisario submariño que leve a auga de volta ao medio da ría, inexistente hoxe en día.

Dende 2014, a xestora da auga en Cangas presentou 37 anteproxectos de mellora para optimizar o ciclo da auga de Cangas, obras por importe de 6,3 M€ en accións urxentes e necesarias para a modernización do abastecemento, saneamento e depuración do municipio. Cun orzamento de 426.000 €, son as primeiras actuacións que se poñen en marcha neste ano 2020 con cargo ao plan de investimentos de 3,4 millóns de euros comprometido pola compañía para obras de mellora en diferentes puntos nos sistemas de abastecemento, saneamento e depuración do municipio. A modernización do abastecemento de A Rosada, do saneamento da ría de Aldán e do saneamento da avenida Espírito Santo son as seguintes actuacións proxectadas, pendentes de autorización no pleno municipal.

UTE Gestión Cangas está integrada polas compañías Civis Global e Aqualia, cunha plantilla fixa de 15 persoas e unha media anual de 30 empregos indirectos na vila. A empresa presta os servizos do ciclo da auga dende 2014 a 13.568 familias e empresas do municipio.